



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Proxectos de Innovación e Investigación Educativa en Música	Código	652610E5I	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	2
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Chao Fernandez, Rocio	Correo electrónico	rocio.chao@udc.es	
Profesorado		Correo electrónico		
Web				
Descrición xeral	<p>Con esta materia preténdese abordar a estreita relación entre a investigación en Música e a formación do profesorado na innovación didáctica. Trátase de coñecer aqueles proxectos de innovación que achegan novas metodoloxías e recursos para o proceso de ensino e aprendizaxe da Música. Ademais, os instrumentos derivados da investigación didáctica serán o fío condutor para a realización dun autodiagnóstico por parte do futuro profesorado e dun proceso de análise e evolución dos seus coñecementos en Didáctica da Música. O obxectivo é mellorar o enfoque, a toma de decisións sobre temas relativos aos modelos de ensino-aprendizaxe, á selección e secuenciación de contidos e actividades, a través da análise dos materiais procedentes dos proxectos innovadores na área musical.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
(CE-E11) Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.	AP25		
(CE-E12) Analizar críticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade.	AP26		
(CE-E14) Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación e avaliación educativas e ser capaz de deseñar e desenvolver proxectos de investigación, innovación e avaliación.	AP28		
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			CP4
Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cós que deben enfrontarse.			CP6
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			CP8
Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			CP1
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			CP3

Contidos	
Temas	Subtemas



Liñas de investigación no campo da Educación Musical.	<ul style="list-style-type: none"> - Principios básicos da Investigación e a Innovación en Educación Musical. - Investigación e Innovación na aprendizaxe musical nas aulas de Educación Secundaria. - A Educación musical como intersección de diferentes disciplinas.
Proxectos e experiencias de investigación e innovación en Educación Musical a nivel autonómico e estatal.	<ul style="list-style-type: none"> - Perspectivas actuais na investigación en educación musical autonómica e estatal. - Análise dos métodos pedagóxicos musicais xurdidos no século XX, a súa vixencia na realidade educativa actual e as súas posibles adaptacións. - Deseño e desenvolvemento de proxectos interdisciplinares.
Proxectos e experiencias de investigación e innovación en Educación Musical a nivel internacional.	<ul style="list-style-type: none"> - Perspectivas actuais na investigación en educación musical autonómica e estatal. - Análise de experiencias de investigación e innovación en educación Musical a nivel internacional.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A25 A26 A28 C1 C3 C4 C6	6	8	14
Aprendizaxe colaborativa	A25 A26 A28 C1 C3 C4	5	0	5
Presentación oral	C1 C3 C4	2	6	8
Sesión maxistral	A25 A28 C1	7	0	7
Análise de fontes documentais	A25 A26 A28 C8	6	8	14
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente á aprendizaxe de "cómo facer as cousas?". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade polo seu propio aprendizaxe. Este sistema de ensino basease en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicación, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.
Presentación oral	Exposición de traballos realizados diante do grupo de referencia, procurando presentar, analizar e tirar conclusións sobre o problema investigado, o documento ou a experiencia abordada
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecmentos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como "conferencia", "método expositivo" ou "lección maxistral?". Esta última modalidade adoitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso casi exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.



Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón o emprego de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para o análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
-------------------------------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O profesorado da materia fará o seguemento e supervisión dos traballos realizados.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Análise de fontes documentais	A25 A26 A28 C8	Baséase na utilización de documentos e fontes relevantes para a súa análise e posterior utilización para explicar a natureza dos distintos contidos e aspectos da materia.	25
Traballos tutelados	A25 A26 A28 C1 C3 C4 C6	Trátase de facer un traballo de iniciación á investigación e á innovación educativa. Esixe por parte do alumnado un grao de responsabilidade consonte cos obxectivos e a calidade que debe presidir este tipo de traballo.	30
Aprendizaxe colaborativa	A25 A26 A28 C1 C3 C4	Trátase de implicarse non só no propio proceso educativo, sino tamén no dos compañeiros, logrando unha sinerxia que enriqueza a aprendizaxe colectiva.	25
Presentación oral	C1 C3 C4	Exposición de traballos, individuais ou colectivos, diante do grupo de referencia, procurando expor conclusións sobre a problemática investigada, documento ou experiencia abordada.	20

Observacións avaliación



Para aprobar a asignatura é necesario aprobar cada un dos apartados anteriores. No caso contrario non se fai media.

A asistencia ás clases presenciais é obrigatoria. O alumnado, individualmente ou en pequeno grupo (como máximo 2/3 alumnos/as) entregará, unha vez rematadas as clases presenciais, o traballo realizado. Se o estudante non chega a unha asistencia do 80% das clases presenciais; deberá ser avaliado, ademáis de polo mesmo que todo o alumnado, por unha proba individual. Neste caso, terá un peso do 60% e o traballo terá unha ponderación do 40%, esixíndose en cada unha delas unha nota igual ou superior a 5 sobre 10.

Como consideración xeral, terase especialmente en conta, tanto nos exámes como nos traballos, as deficiencias ortográficas de puntuación e acentuación, así como unha redacción inconexa ou inadecuada, deficiente presentación, excesivo número de tachaduras, etc. Todo elo suporá a redución de puntos sobre a nota obtida.

En caso de que a/o profesor detecte plaxio nalgún traballo, suporá un 0 na cualificación. No caso de reiteración, darase traslado á Comisión Académica para a toma de medidas oportunas.

Farase especial fincapé no cuidado do medio ambiente en pro dunha educación e sociedade sostible. Os traballos serán enviados exclusivamente telemáticamente, e de non ser posible, nos documentos impresos non se empregarán plásticos, elixirase a impresión a dobre cara, e papel reciclado, evitando imprimir borradores.

Débese facer un uso sustentábel dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. Para elo, sempre que sexa posible na elaboración dos traballos empregarase material de reciclaxe e evítase o emprego de materiais de plástico na entrega dos mesmos.

Fontes de información



Bibliografía básica

- Abreu, D. y Moura, M. (2014). Construção de instrumentos teórico-metodológicos para captar a formação de professores. *Educação e pesquisa*. . *Educação e pesquisa*. 40(2), 401-414
- Alcázar, A.J. (2010). La pedagogía de la creación musical, otro enfoque de la educación musical.. *Eufonia. Didáctica de la música*,49,81-92
- Allsup, R. E. (2003). Mutual learning and democratic action in instrumental music education.. *Journal of Research in Music Education*, 51 (1), 24-37.
- Alonso-Jartín, R. y Chao-Fernández, R. (2018). Creatividad en el aprendizaje instrumental: lenguaje metafórico, velocidad del procesamiento cognitivo y cinestesia. *Creatividad y sociedad* (28) 7-30.
- Arriaga, C.; Cabedo, A.; Díaz, M. y Riaño, M.E. (2014). Práctica reflexiva e innovación educativa. Un estudio sobre el patrimonio musical en la formación docente. En *Investigaciones en el contexto universitario actual*. Orense: Educación editora.
- Arriaga, C. y Riaño, Mª E. (2017). La práctica musical desde la reflexión y la acción en la formación inicial del profesorado.. *ENSAYOS. Revista de la Facultad de Educación de Albacete*, Nº 32-1, 2017, (17-32)
- Bernabé, Mª del M. (2012). Importancia de la música como medio de comunicación intercultural en el proceso educativo.. *Teoría de la educación. Revista interuniversitaria*, 24 (2), 107-127.
- Atkinson, P., & Coffey, A. (2003). Revisiting the relationship between participant observation. *Inside interviewing: New lenses, new concerns*, 415-428.
- Bergmann, J., & Sams, A. (2012). *Flip Your Classroom: Reach Every Student in Every Class Every*. Virginia: ASCD.
- Braslavsky, C. (2001). *La escuela como máquina de educar. Tres escritos sobre un proyecto de*. Barcelona: Paidós.
- Casals, A., Vilar, M. y Ayats, J. (2008). La investigación-acción colaborativa: reflexiones. *Electrónica Complutense de Investigación en Educación Musical*, V. 5 Núm 4, 1-17.
- Chao-Fernández, R. (2018). La incidencia de la formación musical en el cerebro. *I Congreso Mundial de Educación, Innovación e Investigación Investigativa. Educa 2018*
- Chao-Fernández, R., Felpeto-Guerrero, A. y Vázquez-Sánchez, R. (2019). Experiencia de creación del MOOC ?música para el siglo XXI: aportaciones del software libre a la educación musical?, en De la Torre Fernández, E. (ed.) (2009): *Contextos universitarios transformadores*. A Coruña: Cufie. Universidade da Coruña
- Chao-Fernández, R.; Mato-Vázquez, D. y López-Pena, V. (2015). Beneficios de la música en conductas disruptivas en la adolescencia. . *Revista Electrónica Actualidades Investigativas en Educación*. 15(3),1-24.
- Chao-Fernández, R.; Mato-Vázquez, D. y López-Pena, V. (2015). La formación musical del profesorado especialista en los CEIP gallegos. *Revista Portuguesa de Educação*, 28 (2), 111-131.
- Chao-Fernández, R., Vázquez-Sánchez, R. y Felpeto-Guerrero, A. (2019). ?Mentoría entre iguales. Experiencia piloto entre alumnos de Música de Master y Doctorado en la Universidade da Coruña?, en De la Torre Fernández, E. (ed.) (2019): *Contextos universitarios transformad*. A Coruña: Cufie. Universidade da Coruña
- Díaz, M. (2012). Investigamos, luego avanzamos. . *Revista Electrónica d'Investigació Educativa y Socioeducativa*, nº 2, 68-76.
- Díaz, M. y Giráldez, A. (2013). *Investigación cualitativa en educación musical* . Barcelona:Graó
- Felpeto-Guerrero, A. y Chao-Fernández, R. (2019). ?El mapa sonoro como herramienta para conocer nuestro entorno. Estudio de caso de la ciudad milenaria de Lugo?, en Costa, O. y Gisbert, V. (2019): *Creatividad Musical en Educación*. Estudios científico. Valencia: ADD.
- Fernández-Carrión, M. (2011). *Música y matemáticas: conexiones curriculares para un mayor éxito educativo*. . <http://recursostic.educacion.es/artes/>
- Fonseca Mora, C. y Toscano Fuentes, C. M. (2012). La música como herramienta facilitadora del aprendizaje del inglés como lengua extranjera.. *Teoría de la Educación. Revista Interuniversitaria*, 24 (2), 197-213
- Gardner, H. (1998). *Inteligencias Múltiples*.. Barcelona: Paidós.
- Goleman, D. (). *Inteligencia Emocional*. Barcelona: Kairós
- González Barroso, M. M. (2015). (2015). Calidad interdisciplinar de la Música en Educación Primaria: una propuesta metodológica.. *Dedica. Revista de Educação e Humanidades*, (7), 65-83.
- Imbernón, F. (2012). La investigación sobre y con el profesorado. La repercusión en la formación del profesorado, ¿cómo se investiga? . *Revista Electrónica de Investigación Educativa*, 14(2), 1-9.

- Levitin, D. (2011). Tu cerebro y la música. El estudio científico de una obsesión humana. Barcelona: RBA
- Lines, D.K. (2009). La educación musical en la cultura contemporánea. En D.K. Lines, (comp.). La educación musical para el nuevo milenio.. Madrid: Morata
- Llopis, E. (2011). Hacer música...para comprometerse con la realidad. Érik.. Eufonía, 51, 34.43.
- Raventós, J. (2013). El enfoque etnográfico en educación musical. En M. Díaz y A. Giráldez (coord.) Investigación cualitativa en educación musical. Pp 39-56.. Barcelona:Graó
- Regelski, T.A (2009). (2009). La música y la educación musical: Teoría y práctica para ?marcar una diferencia". En D.K. Lines (comp.). La educación musical para el nuevo milenio, pp. 21-47.. Madrid: Morata
- Trujillo, F. (2012). (2012). La enseñanza basada en proyectos. Una propuesta eficaz para el aprendizaje y el desarrollo de las competencias básicas. . Eufonía (55), 7-15.
- Vázquez-Sánchez, R. y Chao-Fernández, R. (2017). Enfoque innovador para el desarrollo de la destreza investigadora en el aula de música de secundaria. En Padilla, G. (Coord.),Perspectivas formativas universitarias, 437-450. . Madrid: TECNOS



Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndase que os envíos dos traballos sexa telemáticamente e se non fose posible, non utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Debéese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. Evitaráse a discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corríxilas. Usarase linguaxe non sexista.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías